

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023740	CEIP A Solaina	Narón	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	4º Inf.	5	175

Contido	Páxina
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introdución

A programación da área de Descubrimento e Exploración da Contorna no curso de 4º de E.I. terá como obxectivo favorecer o proceso de encontro e representación ante diferentes e amplos contextos da súa realidade física, natural, social e cultural que componen o entorno infantil, ao tempo que se facilita a inserción neles, de xeito activo. O fin da área estará ben vinculado cun enfoque coeducativo e estimulador das emocións , así como coa promoción dunha actitude crítica e creativa.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conciuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situacións de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios).

Consideramos fundamental seguir respectando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

Para levar a cabo unha concreción dos elementos curriculares que irán en cada unidade ou proxecto adaptable a diferentes realidades de aula, establecemos categorías xerais que actuarán como referencia para os centros de interese que cada mestra ou mestre escollerá, pero sempre favorecendo que xurdan dos intereses das nenas e nenos.

A temporalización das unidades proposta é orientativa, podendo ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa.

Atoparemos dúas unidades didácticas (a modo de proxecto)en cada trimestre, e unha unidade transversal que se desenvolverá ao longo de todo o curso onde se traballarán de forma reiterativa aspectos moi concretos relacionados coa área e que complementará o traballado nas outras unidades.

Esta programación está elaborada para un grupo de 25 alumnos e alumnas de 4º de infantil do CEIP A Solaina de Narón.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1		1	1	1		1	
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1	1		1	
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o cuidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1			1				1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construcción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1	1		1		1		1

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	Nº sesión	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aventuras diarias.	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras unidades/categorías. Aquí atoparemos todo tipo de actividades relacionadas co desenvolvemento da exploración e a experimentación activa de obxectos, espazos e materiais que faciliten o descubrimento da contorna física e social, sempre dende o fomento dunha actitude creativa, crítica e respectuosa. Recollerá tamén as actividades iniciais de acollida do alumnado xa que é a súa primeira incorporación ao centro e á aula. Incluirase aquí o período de adaptación que se ten que realizar neste curso e tamén aquellas actividades que realizaremos posteriormente de presentación de novos integrantes da clase, identificación dos espazos, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, etc	25	X		
2	Doutora, que me pasa?	Nesta categoría poderemos encadrar proxectos onde a alumna ou alumno parte do autocoñecemento. Poderemos levar a cabo actividades relacionadas co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Favoreceremos o traballo de propostas centradas na familia e na escola como primeiros contextos de socialización e fonte de estímulos, xerando vínculos de confianza, empatía e apego nos que se baseará o seu desenvolvemento persoal e aprendizaxe social.	25	X		
3	Un mundo de fantasía.	Nesta categoría incluiremos os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As actividades relacionadas co patrimonio e manifestacións artísticas da contorna serán o eixo desta categoría.	25	X		
4	Quen me axuda?	Nesta categoría encadramos proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro,un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, profesións... Interesa desenvolver de xeito progresivo actividades encamiñadas a potenciar o método científico, o	25		X	

UD	Título	Descripción	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Quen me axuda?	pensamento computacional, a iniciativa investigadora e a curiosidade polo coñecemento e o descubrimento.	25		X	
5	Natureza colorida.	Categoría na que traballaremos proxectos relacionados co mundo vexetal, ben a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, ben traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura,etc. Se promocionarán actividades manipulativas, sensoriais e de exploración, afianzando actitudes de respecto por un desenvolvemento sostible.	25		X	
6	O Pitiño.	Nesta categoría incluimos os proxectos adicados a un animal ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, á relación cos seres humanos... Levaremos a cabo propostas centradas no achego e respecto polos seres vivos, que afianzarán en gran medida actitudes responsables e aprendizaxes futuras,	25			X
7	Paseamos?	Nesta categoría poderemos levar a cabo proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, como á relación que poda ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e outros aspectos relacionados. Se potenciarán propostas centradas no coñecemento e valoración da cultura galega, mediante o achegamento ás tradicións, valores e costumes e dende o respecto á diversidade cultural da contorna.	25			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aventuras diárias.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacóns entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Explora os atributos de diferentes obxectos a través da manipulación	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos más significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Recoñece algúun cuantificador básico.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Iniciase nas habilidades de cálculo e recoñecemento dos números.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñece algunha forma xeométrica básica.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Sitúa o propio corpo segundo o espazo e os abxectos presentes.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Representa gráficamente a súa situación no espazo.	
CA1.7 - Identificar as situacíons cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Participa en actividades manipulativas de calquer tipo.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Identifica nocións temporais básicas.	
CA2.1 - Identificar as situacíons cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Emprega o corpo para facer medicións sinxelas.	
CA2.2 - Xestionar situacíons, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Deseña solucións para resolver diferentes situacíons problemáticas e/ou retos.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Adapta o seu comportamento para superar situacíons problemáticas.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisiones con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Emprega estratexias, con axuda , e deseña solucións para resolver retos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Participa en actividades de resolución de tarefas analóxicas e dixitais.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Participa en propostas cooperativas e valora as aportacións alleas.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Participa en actividades STEAM.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúnsas accións humanas sobre el.	Recoñece situacíons perxudiciais para o medio natural.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Recoñece familia e escola como principais fontes de benestar afectivo.	
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Relacionase con algúnsa persoa da súa contorna.	

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Identifica diferentes modelos de familia e parentesco.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidad, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construcción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Estratexias de construcción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimiento. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións.

UD	Título da UD	Duración
2	Doutora, que me pasa?	25

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
-------------------------------	-------------------------------	-----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	TI
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgúnha festa ou tradición, propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes más relevantes.	Recoñece algúnn elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Respeto e protección do medio natural. Respeto polo patrimonio cultural presente no medio físico. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - Relacións de parentesco. - A escola. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respeito cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. 	

UD	Título da UD	Duración
3	Un mundo de fantasía.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándolos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos más identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimiento dos elementos más identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgúnha festa ou tradición propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes más relevantes.	Recoñece algúnn elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento.
- Estratexias de construcción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna.
- Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información.
- Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións.
- Estratexias para proponer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento.
- Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos.
- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
4	Quen me axuda?	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica algún fenómeno natural e os seus efectos.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos más identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos más identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgunha festa ou tradición propia ou allea.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes más relevantes.	Recoñece algúnn elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construcción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propor solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimiento. - Coavalidación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.

UD	Título da UD	Duración
5	Natureza colorida.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características más significativas.	Diferencia seres vivos e inertes.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respeitar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribue ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respeito, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construcción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavalidación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
6	O Pitiño.	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
--------------------------------	-------------------------------	-----------



Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Participa activamente en actividades de observación, formulación de preguntas e experimentación.	TI
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Identifica elementos naturais imprescindibles na vida das persoas.	
CA3.5 - Identificar trazos comuns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características más significativas.	Diferencia seres vivos de inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Respecta e valora os seres vivos do seu entorno e contribue ao seu coidado.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Pautas para a indagación na contorna: interese, respeito, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construcción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para proponer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavalización do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

UD	Título da UD	Duración
7	Paseamos?	25

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA
CA3.2 - Establecer relacions causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Identifica algúun fenómeno natural e os seus efectos.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos más identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Participa en actividades de descubrimento dos elementos más identificativos do patrimonio natural e social da súa contorna.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Diferencia algunas profesións da súa contorna.	TI
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participa nalgúnha festa ou tradición propia ou allea.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes más relevantes.	Recoñece algúun elemento ou personaxe do patrimonio cultural galego.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros. - O barrio e o concello: servizos, características e funcións. - Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero. - Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima. - Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega. - Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

4.1. Concreciones metodoloxicas

Na área que nos atopamos (DEC) será precisa unha intervención educativa que faga achega de distintas opcións para o acceso aos contido ,que conteemple un deseño de ambientes de aprendizaxe ricos en recursos e oportunidades e que potencie a motivación e as metodoloxías activas aproveitando a curiosidade innata do noso alumnado por descubrir e explorar o mundo que o rodea.

As principais ferramentas de traballo para desenvolver axeitadamente os procesos de razoamento lóxico e o método científico serán as nocións matemáticas, espaciais e temporais , a curiosidade, a resolución de retos e busca de solucións e a promoción de actividades manipulativas e sensoriais , sempre contextualizadas, partindo de coñecementos e experiencias previas e respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e a diversidade do alumnado.

O deseño de situacións STEAM que faciliten aplicar habilidades do pensamento computacional se fará dende un enfoque coeducativo e o respecto ás emocións, propias e alleas.

Finalmente, promoveremos actitudes activas de sensibilidade cara o medio ambiente, integrando hábitos de vida sans e sostibles , así como unha perspectiva divulgativa, crítica e afectuosa respecto aos elementos identitarios da propia cultura, fomentando o respecto cara a outras.

Dentro da metodoloxía desta programación destacamos:

- As unidades didácticas ou proxectos terán actividades adaptadas aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.. Estas actividades buscarán a exploración e manipulación de diversos materiais, xerando curiosidade e culminando con sinxelas creacións das crianzas.

- Ao longo das actividades empregaremos dinámicas individuais, de parella, grupos ou equipos (fomentando o traballo colaborativo e cooperativo) e de gran grupo.

- Deben estar presentes no deseño das actividades os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe, ofertando dentro dunha mesma actividade, diferentes maneiras de acceder a información, diferentes xeitos de expresarse, e diferentes maneiras de motivar ao alumnado.

- Para conseguir máis significativade nas aprendizaxes do alumnado empregaremos estratexias que axuden a conseguilo seguindo os principios básicos da neuroeducación no que di que o alumnado ten que sentir interese polo tema para activar as súas conexións neuronais. Isto irá acompañado de actividades que faciliten a capacidade de aprender do noso alumnado tales como rutinas de pensamento, esquemas visuais...

- Nesta programación empregarase un enfoque activo á hora de deseñar as actividades, buscando sempre que as persoas alumnas sexan as protagonistas activas das súas aprendizaxes. Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial acorde que permita levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

- O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara o emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal pero sempre dende unha maneira responsable, respetando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenador de aula, proxector, conexión a internet, robot educativo, reproductor musical.
Material funxible: convencionais e non convencionais.
Material sensorial: mesa de luz, bandexas para a escritura sensorial (area, fariña...)

Material visual: carteis, bits, láminas...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbunes...
Material curricular: Curriculum, P.E...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, teatro de sombras, luz negra, kamisibai, títeres...
Materil de psicomotricidade: estructuras de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio...
Material non estructurado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico.
Instrumentos musicais.
Comunidade educativa (Alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas,etc)
Proporcionados pola contorna, nun amplo sentido : todo o que se nos poida ofrecer no contexto que nos rodea (parques, Biblioteca Concello, etc)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliação inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou tutores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliação inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Esta avaliação inicial se levará a cabo unha vez superado o período de adaptación e tendo en conta a información obtida durante este período, pero se agardará a que o alumno se amose adaptado ás rutinas e á realidade da aula..

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución de criterios para cada materia segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación (sen dificultade, en proceso, con dificultade) de forma que o alumno/a obterá a súa calificación en función do grado de cosecución observado pola mestra ou mestre.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Entendidas como o conxunto de medidas, ordinarias e extraordinarias, que teñen por finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes necesidades, características, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, así como á situación social, cultural e de saúde de todo o alumnado, se porá especial atención a finalidade preventiva, adaptando a práctica educativa ás características personais do noso grupo e alumnado, así como aos seus intereses e necesidades, e a consideración da diversidade como un valor, defendendo así un modelo inclusivo que potencie a metodoloxía baseada na diversidade , igualdade de oportunidades,e colaboración e tamén na cultura tecnolóxica e innovadora, aproveitando as posibilidades das TIC para o alumnado (apps para estimulación da lingua, razonamento, atención,etc)

Adecuaremos sempre a estructura organizativa do centro e a xestión da aula ás características do noso alumnado NEAE, e levaremos a cabo medidas como:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidade(fisiolóxicas), afectivas, de movemento e curriculares.
- Adecuar á programación didáctica, realizarase unha interpretación flexible do currículum axustada ao grupo clase e ao alumnado con NEAE.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo as líñas marcadas no P.E. do centro, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de éste alumnado.
- Aproveitar as posibilidades das TIC para todo tipo de alumnado utilizando diferentes apps para estimulación da lingua, o razonamento e la atención.
- Buscar de maneira continua interactuar co alumnado NEAE, estimulando a súa iniciativa e promovendo o interese por aprender.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicaciones cortas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuales como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Deseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tareas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando siempre aumentar a autoestima, adoptando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer propostas onde o alumnado poida participar en base as súas capacidades levando a cabo propostas SEM para aquel alumnado que o necesite.
- Ofrecer sempre situacíons de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social	X	X		X			
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción
Contacontos	En cada unidade poderá vir un familiar para contar un conto que teña relación ,procurando que sexa unha actividade plurilingüe e coherente con criterios de igualdade de xénero.
Saída de campo	Se podrá facer unha saída por unidade para afondar no tema traballado ou criterios transversais: mercado, lonxa, museo, biblioteca do concello, o barrio, a contorna próxima...
Obradoiros solidarios	As familias xunto có alumnado poderán levar a cabo diferentes obradoiros cun fin solidario: confección de agasallos para levar ao Centro de Día, doación de libros, recollida de roupa ou tapóns,etc
Proxectos medioambientais	Se podrá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza (Hortas urbanas, limpeza litoral,etc)
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa poderá planificar e participar en distintas celebracións ao longo do curso (Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas,etc)
Saídas fin de curso	Actividade de carácter lúdico argallada como remate do curso escolar.

Observacións:

Estas actividades complementarias poden sufrir cambios (suprimir ou aumentar) segundo as condicións climatolóxicas ou propostas que xurdan ao longo do curso escolar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades
Utilízase diversidade de materiais para acceder á información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades
Temporalización de actividades adecuadas
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliação do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso segundo as características de cada alumnado.

Descripción:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso de ensinanza e así poder modificalo e melloralo.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliação e propostas de mellora

A programación se valorará a través da realización dunha rúbrica na que se puntuarán os indicadores citados anteriormente.

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en Infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados